

# TÓDALAS MULLERES QUE CONEZO

[Xiana do Teixeiro, 2018]

# 446

PASE ÚNICO EN NUMAX: 15.10.2018 | V.O.

Tódalas mulleres que coñezo (2018, 71')

**Dirección:** Xiana do Teixeiro

**Guion:** Xiana do Teixeiro

**Son:** Iria Otero, Leticia Fernández

**Montaxe:** Xiana do Teixeiro

**Música:** TA!

**Fotografía:** Belén Mendaña, Noemí Chantada, Xiana do Teixeiro

**Produtoras:** Walkie Talkie Films (España)

**Distribuidora:** Walkie Talkie Films

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Galego

## PREMIOS E FESTIVALS

DocumentaMadrid 2018 (Premio Screenly), Festival Primavera do Cine de Vigo 2018 (Premio do público ao mellor filme galego), Málaga 2018 (Sección oficial), Alcances 2018 (Premio do Público e DOCMA), Cinespaña 2018

## FILMOGRAFÍA

*Somos plaga*, 2017 [curtometraxe]  
*Chantal Akerman*, 2016 [curtometraxe]  
*Carretera de una sola dirección*, 2016 [curtometraxe]  
*Sotobosque*, 2016 [curtometraxe]  
*Mira para aquí un momento*, 2015 [curtometraxe]  
*While It Spins*, 2014  
*Dúas pitas*, 2013

## SINOPSE

Do persoal ao político, as vivencias de mulleres diversas evidencian o masculinizada e violenta que segue a ser a rúa hoxe en día. En tres conversas reveladoras con amigas, colaboradoras e estudantes de secundaria, a directora busca artellar un discurso sobre o medo que non fomente o miedo, un discurso sobre a violencia que non resulte violento.


«Intelixente, emotiva e moi certera. Ogallá se proxectase en todos os colexios»

DÍAS DE CINE

# OS OLLOS VERDES 18/19

O CINEMA INÉDITO  
DE NUMAX

Entrada gratuíta até completar aforo



## “O diálogo é unha poderosa ferramenta de aprendizaxe”

Entrevista con Xiana do Teixeiro  
Por Montse Dopico

**En *Tódalas mulleres que coñezo* vemos, basicamente, tres conversas. Optas por ese formato, a conversa, por algúna razón especial? Como pensaches esa estrutura en tres partes?** O diálogo é unha poderosa ferramenta de aprendizaxe, sobre as demais e sobre ti mesma. Quisen entretecer tres conversas coa idea clara de apelar á audiencia. Ves unha conversa que remata, pero é retomada polo seguinte grupo, cuxa conversa volve rematar e de novo é retomada por outras persoas. Para cando remata a película tense establecido a idea da transversalidade da violencia sexual contra as mulleres na rúa e tamén a posibilidade/necesidade de retomar o debate por parte da persoa espectadora.

**A imaxe, en branco e negro, e a posta en escena son moi sobrias. Era o obxectivo, en concreto, dese tipo de tratamento da imaxe?** A maior virtude do deseño da produción foi centrar o noso esforzo en facilitar lugares onde fose cómodo falar para as participantes e en segundo termo tratar de gravar o mellor posíbel eses encontros. Non priorizar o técnico, que é moi secundario, especialmente nun discurso documental. A fotografía en branco e negro transmite unha certa atemporalidade, que entronca co fio que nos une a todas, construídas como seres dun xénero sometido ao longo da historia. A realización e a montaxe céntranse na cousa en si, é unha película feita desde o despoxamento. Palabras, xestos e miradas, elocuentes ao máximo.

Ningún elemento formal accesorio á cousa en si, coa excepción da música e os créditos, e quizais tamén ese prólogo coa cita de Nina Simone sobre a liberdade. Noemí Chantada e Belén Mendaña, encargadas das cámaras, fixeron un traballo delicado, que permite ver a película desde moi preto, emocional e visualmente. Tiveron que estar implicadas cunha historia que

se desenvolvía en directo ante elas e acadaron un resultado excelente.

**O documental transmite, de distintas maneiras, a idea de que podería ser unha conversa entre calquera grupo de amigas. Porque a todas nos pasou algo así. Mais, de que maneira xorde esa conversa a partir do guión que tiñas escrito?** A primeira conversa foi formulada como encontro aberto no que queriamos falar de como nos sentimos na rúa con respecto a violencias sufridas e medos inoculados, non había guión como tal. Convoquei a Olalla, Nieves, María e Bea e tamén estaba eu. Non todas nos coñecíamos en profundidade pero tiñamos nexos en común. Quedamos unha tarde, colocáronnos un micro, tomamos algo e comezamos a falar e esquecémonos de que nos estaban a gravar, ou case. Foi tan espontáneo como se ve no resultado.

**Como xestionaches, na película e, sobre todo, na montaxe, esa consciencia de que non querías nin negar a realidade nin producir o efecto perverso de provocar más medo, senón fomentar a reflexión sobre como xestionalo?** A miña principal preocupación durante a produción foi non fomentar o medo nin resultar negacionista. Esta aparente contradición funa resolvendo segundo avanzabamos. É dicir, as discusións que se ven na película axudáronme moito a comprender algúns mecanismos da violencia retorcida que nos leva a pensarlos como persoas non autónomas e non libres, estranxeiras da rúa.

Decateime de que a violencia cotiá que todas sufrimos, e que percibimos como normal, é continuada na narrativa do terror sexual, o espectáculo das violencias extremas sobre os corpos das mulleres que aparecen nos medios e resoan na escola, na familia, no grupo de amigos. Unha violencia invisibiliza a outra pero son parte do mesmo mecanismo de control das mulleres, a través dun castigo disciplinar, que pode ser corporal ou simbólico.

Falei das miñas dúbidas durante toda a rodaxe coa nosa equipa, como se ve na película. A dúbida é un lugar interesante desde o que cuestionar e subverter. Neste caso queremos camiñar cara un discurso propio sobre as nosas experiencias e corpos, do que nos teñen expropriado. Despois de rematar a película atopéime co recién publicado *Microfísica sexista*

*del poder*, de Nerea Barjola (Virus, 2018). Unha análise do aparato narrativo que mantén o relato do terror sexual e con el o status quo machista, imprescindible.

Publicado en <http://praza.gal>

### XIANA DO TEIXEIRO

Realizadora e artista visual. Co-fundadora da produtora Walkie Talkie Films (2008), especializada en cinema documental de autor e vídeo experimental. É doutora en Comunicación Audiovisual (UAB), licenciada en Comunicación Audiovisual (UAB) e Xornalismo (Southampton S.U.). Creadora e produtora musical (Ta!, The Adaptation Dance). Traballa sobre o relato íntimo, a identidade e a construcción do xénero, e tamén cara a unha descentralización da idea de natureza.

### OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX* proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén reprendida cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional. *Os ollos verdes* conta ademais co apoio do Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, o que permite o acceso **gratuito até completar aforo** a todas as sesións e a posibilidade de acadar **1 crédito ECTS** para o estudiantado da USC que acoda a un mínimo de 12 sesións ao longo do curso 2018/2019 e realice un traballo á conclusión. Máis información en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

### NA LIBRARÍA NUMAX

***Microfísica sexistal del poder*,**  
Nerea Barjola. Virus, 2018

**NUMAX**

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)